

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Proxecto de Orde do - de ----- de 2023 pola que se regula a prestación ortoprotésica na Comunidade Autónoma de Galicia

A prestación ortoprotésica, consistente na utilización de produtos sanitarios, implantables ou non, cuxa finalidade é substituír total ou parcialmente unha estrutura corporal, ou ben modificar, corrixir ou facilitar a súa función, vén regulada no artigo 17 da Lei 16/2003, de 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde.

Estes produtos serán dispensados a través dos establecementos sanitarios debidamente autorizados, que deberán reunir os requisitos que en cada momento estableza a administración sanitaria, a fin de que se salvagarde unha correcta elaboración e adecuación da prestación prescrita ao paciente, segundo a lexislación vixente que lles resulte de aplicación.

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, refírese no seu artigo 55 a esta prestación, dispoñendo que será facilitada polos servizos de saúde ou dará lugar, se é o caso, ás correspondentes axudas económicas.

Os artigos 7, 8, 8 bis, ter e quáter da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, recollen, respectivamente, o catálogo das prestacións sanitarias e a carteira común de servizos que se articulará en básica, suplementaria (na que se atopa a prestación ortoprotésica, entre outras) e de servizos accesorios. Pola súa banda, o artigo 8 quinques da devandita lei (engadido polo Real Decreto-lei 16/2012, do 20 de abril), habilita ás comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, a aprobar as súas respectivas carteiras de servizos, que incluirán, cando menos, a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde, a cal debe garantirse a todas as persoas usuarias.

O Real Decreto 1030/2006, de 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización, regula a carteira de servizos comúns de prestación ortoprotésica, cuxo contido no ámbito de cada administración sanitaria estará determinado por aqueles artigos que expresamente se recollan nos catálogos que elaboren en desenvolvemento do establecido nos apartados 6, 7, 8, 9 e 10 do Anexo VI do devandito decreto.

O Real Decreto 1506/2012, do 2 de novembro, regula a carteira común suplementaria de prestación ortoprotésica do Sistema Nacional de Saúde e fixa as bases para o establecemento dos importes máximos de financiamento en prestación ortoprotésica, correspondendo ás administracións sanitarias competentes na xestión da prestación ortoprotésica determinar o procedemento de elaboración dos correspondentes catálogos de material ortoprotésico, así como as condicións de acceso, prescripción, xestión e aplicación do catálogo.

O citado Real Decreto 1506/2012, en vigor dende o 4 de novembro de 2012, veu a derrogar os aspectos referentes á achega das persoas usuarias recollidos no anexo VI do Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro. En tanto se establezan os límites da achega da prestación ortoprotésica suplementaria previstos no artigo 9.3 do Real Decreto 1506/2012, de 2 de novembro, seguirase aplicando a achega recollida no Anexo VI do Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro. Con todo, serán de aplicación as exencións de achega previstas no artigo 9.4 do mencionado Real Decreto 1506/2012, do 2 de novembro.

Posteriormente publicáronse as seguintes disposicións: Orde SCB/45/2019, do 22 de xaneiro, pola que se modifica o Anexo VI do Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización, regúlase o procedemento de inclusión, alteración e exclusión da oferta de produtos ortoprotésicos e determinánse os coeficientes de corrección; a Orde SCB/480/2019, do 26 de abril, pola que se modifican os Anexos I, III e VI do Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización; e a Orde SND/44/2022, do 27 de xaneiro, pola que se actualiza, no relativo ao catálogo común de próteses externas de membro superior e inferior, ortoprótese para axenesias, cadeiras de rodas, órteses e produtos para a terapia do linfedema, o Anexo VI do Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización.

A primeira delas establece o catálogo común para cadeiras de rodas, órteses e ortopróteses especiais. A segunda, en canto ás próteses externas distintas de membros, actualiza os produtos e incorpora ademais a ampliación da idade para o financiamento dos audiófonos ata os vinte e seis anos. E a terceira Orde incorpora no catálogo as próteses externas de membro superior e inferior, e a actualización das cadeiras de rodas e as pezas de roupa de terapia para o linfedema.

As tres disposicións referidas establecen que os responsables da prestación ortoprotésica adaptarán os seus respectivos catálogos, que conterán, cando menos, os tipos de produtos do catálogo común.

Esta nova situación fai necesario proceder á derrogación da vixente Orde da Consellería de Sanidade do 28 de maio de 2013, pola que se regula a prestación ortoprotésica na Comunidade Autónoma de Galicia, e á aprobación dunha nova disposición que modifique e adapte o catálogo de material ortoprotésico ao novo marco normativo estatal, en base ao disposto no artigo 55 da Lei 8/2008, do 10 de xullo.

Así as cousas, tendo en conta a experiencia dos últimos anos en relación coa prestación ortoprotésica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e respondendo á vontade de continuidade na racionalización da devandita prestación, co obxectivo de conseguir un adecuado nivel de eficiencia da mesma e garantindo a calidade dos produtos prescritos, xorde a necesidade de adecuar as medidas de xestión e control da prestación que substitúan, adapten e melloren as existentes.

Incorpórase nesta Orde a cesión de equipos e dispositivos de órteses ou ortopróteses, en liña cun modelo de economía circular do Servizo Galego de Saúde que aposta pola sustentabilidade, reciclando equipos e prolongando con iso a súa vida útil.

En consecuencia, en uso das facultades que me confiren os artigos 34.6 e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. O obxecto desta orde é:

- a) Aprobar o Catálogo Xeral do Material Ortoprotésico que figura como Anexo I á presente orde. Este catálogo será de aplicación no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e contén aqueles produtos sanitarios suxeitos a financiamento polo Servizo Galego de Saúde para as persoas con dereito a asistencia sanitaria con cargo ao Servizo Galego de Saúde.
- b) Regular as condicións para a prescripción, dispensación e control da prestación ortoprotésica en Galicia dos produtos recollidos na Orde SCB/45/2019, do 22 de xaneiro, pola que se modifica o Anexo VI do Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización, a Orde SCB/480/2019, do 26 de abril, pola que se modifican os Anexos I, III e VI do Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización e na Orde SND/44/2022, do 27 de xaneiro, pola que se actualiza, no relativo ao catálogo común de próteses externas de membro superior e membro inferior, ortoprótese para axenesias, cadeiras de rodas, órteses e produtos para a terapia do linfedema, o Anexo VI do Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización; e a Resolución do 5 de abril de 2022, da Dirección Xeral de Carteira Común de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Farmacia, pola que se actualizan as clasificacións de próteses externas de membro superior e membro inferior, ortoprótese para axenesias, cadeiras de rodas, órteses e produtos para a terapia do linfedema para o sistema informatizado para a recepción de comunicacións de produtos ortoprotésicos ao Sistema Nacional de Saúde.
- c) Regular o procedemento de pagamento da prestación ortoprotésica.

2. Mediante a aprobación do devandito catálogo, fíxase a duración mínima establecida para cada produto, así como o importe máximo de financiamento (IMF) polo Servizo Galego de Saúde, do que se descontará, no seu caso, a achega dos beneficiarios da prestación, segundo o establecido pola Orde correspondente.

3. Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta orde os implantes cirúrxicos, que se continuarán facilitando por parte das áreas sanitarias.

Artigo 2. Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarios/as da prestación ortoprotésica, nos termos regulados nesta norma, as persoas con pleno dereito á asistencia sanitaria a cargo do Servizo Galego de Saúde.

Artigo 3. Catálogo de produtos obxecto de financiamento directo polas áreas sanitarias

Serán obxecto de financiamento directamente por parte da área sanitaria correspondente, aqueles produtos pertencentes aos seguintes subgrupos:

- a) "Prótese de maxilares" (Subgrupo 06 30 33)
- b) "Recambios de compoñentes externos do estimulador diafragnmático ou electroestimulador do nervio frénico" (Subgrupo 89 99 00)
- c) Aqueles produtos que determine a Comisión Central para a regulación e seguimento da prestación ortoprotésica.

Artigo 4. Prescripción

1. A prescripción dos produtos contidos no Catálogo Xeral de Material Ortoprotésico será efectuada, polos/as facultativos/as da especialidade que corresponda ao problema de saúde que orixina a prestación, da rede propia ou dos centros sanitarios vinculados ao Servizo Galego de Saúde mediante contrato.

2. A renovación dos produtos ortoprotésicos, cando sexa necesaria, deberá ser indicada polo/a facultativo/a da especialidade requirida para a prescripción do producto de que se trate, non realizándose en ningún caso automaticamente polo transcurso de tempo de duración mínima establecido.

3. Financiaranse tamén as reparacións dos produtos ortoprotésicos prescritos, sempre que non sexan consecuencia de defectos imputables aos elementos, ao proceso de elaboración ou ao de adaptación do producto que deban ser cubertos pola garantía, sempre e cando o seu orzamento non supere o 50 % do prezo do producto. Para iso é necesaria a autorización previa da unidade de xestión da área sanitaria correspondente.

Durante o período de garantía do producto serán por conta do establecemento todas as operacións e gastos ocasionados polos recambios e reparacións de compoñentes ou produtos deteriorados por defectos imputables aos seus elementos, ao proceso de elaboración ou de adaptación.

4. A prescripción dos produtos ortoprotésicos realizarase utilizando a prescripción electrónica no aplicativo correspondente.

Unha vez emitida a prescripción, esta terá unha validez de 30 días naturais para aúa recepción polos establecementos de ortopedia, ou de 45 días naturais contados a partir da data da resolución da Comisión Central para a Regulación e Seguimento da Prestación Ortoprotésica, nos supostos previstos no artigo 10 da presente orde.

Transcorridos os devanditos prazos, a prescripción quedará sen efecto. No caso de produtos identificados no catálogo de prestación ortoprotésica de especial prescripción, será necesario que o facultativo especialista cubra o protocolo correspondente.

Artigo 5. Dispensación

Os produtos identificados no Catálogo Xeral do Material Ortoprotésico contido no Anexo I desta orde únicamente poderán ser dispensados polos establecementos sanitarios debidamente autorizados, de acordo coa normativa vixente. Para realizar a dispensación dos produtos elaborados a medida, identificados no catálogo xeral como MED, os establecementos sanitarios deberán estar autorizados para a fabricación e dispensación dos mesmos.

Os establecementos sanitarios dispensadores e adaptadores de produtos ortoprotésicos que opten por dispensar produtos a cargo do Sistema Nacional de Saúde asumirán todas as condicións establecidas no Anexo VI do Real Decreto 1030/2006 e non poderán cobrar á persoa usuaria cantidades adicionais á achega que no seu caso lle puidese corresponder en función do tipo de produto, salvo o establecido nos procedementos de mellora cando se publique por parte do ministerio.

Non serán obxecto de financiamento a través da prestación ortoprotésica do Servizo Galego de Saúde os artigos ortoprotésicos destinados a uso deportivo, nin os utilizados con finalidade estética que non garden relación con accidente, enfermidade ou malformación conxénita, nin aqueles dos que se realice publicidade dirixida ao público en xeral, nin a adquisición de calquera dos produtos establecidos no vixente Catálogo Xeral de Material Ortoprotésico cando os mesmos sexan adquiridos por correspondencia, a distancia ou a través de medios telemáticos, segundo o establecido na lexislación vixente.

O establecemento dispensador deberá entregar á persoa usuaria, como mínimo: o certificado de garantía, ficha técnica e folla informativa coas recomendacións precisas para a mellor conservación do producto dispensado en condicións de utilización normal e as advertencias para evitar o seu mal uso.

Artigo 6. Verificación da correcta adaptación

1. Será necesaria a verificación da correcta adaptación daqueles produtos elaborados a medida por parte do facultativo especialista correspondente, que deberá mostrar a súa conformidade. O devandito facultativo deberá comprobar que o producto entregado axústase ás súas indicacións, ás necesidades do/a paciente e que está adecuadamente adaptado ou elaborado. En caso contrario indicará as modificacións que se teñan que realizar no producto con carácter previo á citada conformidade.

2. Correrán a cargo do establecemento cantas rectificacións imputables á elaboración e adaptación sexan necesarias debendo, na elaboración dos produtos, axustarse ás indicacións do facultativo especialista, conforme ao establecido no artigo 5.2.f) do Anexo VI do Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro.

Artigo 7. Pagamento da prestación ortoprotésica

O procedemento do pago da prestación ortoprotésica, polo que respecta á súa tramitación administrativa, financiamento e concesión, adaptarase aos seguintes criterios:

1. A modalidade de pago será a de reintegro de gastos. A cantidade para reintegrar será como máximo a establecida como prezo do produto ortoprotésico prescrito, máis o IVE correspondente, que figura no Catálogo Xeral de Material Ortoprotésico descontando, no seu caso, a achega da persoa usuaria segundo o establecido na normativa vixente. Nos casos de cesión de crédito (endoso das facturas) entre a persoa usuaria e o establecimiento sanitario, será este o que realice todos os trámites do reintegro de gastos.
2. A persoa usuaria poderá solicitar ao establecimiento sanitario, coa autorización previa da unidade de xestión da súa área sanitaria, a dispensación dun artigo que, polas súas características técnicas, mellore o establecido no catálogo. Neste caso a diferenza entre o prezo establecido no catálogo e o prezo do artigo elixido, que non poderá superar o 30 % do prezo do produto, será por conta da persoa usuaria.
3. A cantidade fixada polo Ministerio de Sanidade como achega da persoa usuaria non lle será reembolsable ao/á paciente.
4. Cando existan razóns de interese xeral debidamente xustificadas, a adquisición de material ortoprotésico poderá realizarse por concurso público para aqueles produtos que determine a administración sanitaria e previo informe da Comisión Central para a Regulación e Seguimento da Prestación Ortoprotésica da Comunidade Autónoma de Galicia.
5. Co fin de poder aplicar o IVE correspondente ao producto, o usuario presentará o certificado de discapacidade ou permitirá a consulta por parte do Servizo Galego de Saúde no rexistro pertinente.
6. A solicitude de reintegro de gastos de material ortoprotésico deberá efectuarse utilizando o formulario que figura como Anexo II desta orde e presentarase, preferiblemente, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>
7. No caso de que o solicitante do reintegro sexa o establecimiento sanitario que aceptou o endoso da persoa usuaria, a tramitación realizarase exclusivamente por vía electrónica a través do aplicativo informático do Servizo Galego de Saúde.
8. Cando o solicitante do reintegro sexa o usuario tamén poderá presentar a solicitude en soporte papel utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, e que figura no Anexo II.
9. Os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes serán tratados e utilizados de conformidade co establecido na normativa aplicable nesta materia, de conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Artigo 8. Cadeiras de rodas e outros produtos recuperables

As cadeiras de rodas e outros produtos do catálogo ortoprotésico que se considere oportunos, terán o carácter de recuperables para a súa reutilización mediante o servizo de préstamo, polo que deberán ser devoltos ao Servizo Galego de Saúde unha vez finalizado o seu uso. As persoas usuarias desta prestación, asumirán por escrito un compromiso para facer efectiva tal devolución.

O Servizo Galego de Saúde poderá establecer o carácter de recuperable doutros artigos cando, logo do informe da Comisión Central para a Regulación e Seguimento da Prestación Ortoprotésica da Comunidade Autónoma de Galicia, así o considere. En ningún caso será devolta a achega realizada polo usuario.

Artigo 9. Dereitos e obrigas das persoas beneficiarias

1. As persoas beneficiarias das prestacións ortoprotésicas terán os seguintes dereitos:

- a) Liberdade de elección de entre os establecementos sanitarios dispensadores autorizados segundo os criterios de planificación establecidos polo Servizo Galego de Saúde.
- b) Acudir, en caso de desconformidade coa prestación, á unidade de xestión da área sanitaria correspondente, así como presentar, no seu caso, reclamación ante a Comisión Central para a Regulación e Seguimento da Prestación Ortoprotésica da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Esixir ao establecemento sanitario durante o período de garantía, sen custo algúin para o/a paciente, os recambios e as reparacións dos componentes ou produtos deteriorados por defectos imputables aos seus elementos, ao proceso de elaboración ou ao de adaptación.
- d) Recibir por parte do establecemento dispensador do produto prescrito o certificado de garantía, ficha técnica, e folla informativa coas recomendacións precisas para a mellor conservación do mesmo en condicións de utilización normal e as advertencias para evitar o seu mal uso.

2. As persoas beneficiarias terán as seguintes obrigas:

- a) Cumprir as instrucións do/da facultativo/a especialista prescriptor/a.
- b) Facer bo uso e conservación da prestación dispensada.
- c) Facer efectiva a devolución dos produtos sanitarios recuperables, de conformidade co disposto no artigo 8.

Artigo 10. Comisión Central para a Regulación e Seguimento da Prestación Ortoprotésica da Comunidade Autónoma de Galicia

1. A Comisión Central para a Regulación e Seguimento da Prestación Ortoprotésica da Comunidade Autónoma de Galicia, en coordinación co órgano competente en materia de seguimento e control da prestación ortoprotésica, é o órgano responsable de realizar adequadamente o seguimento da prestación ortoprotésica.

2. A súa composición será a seguinte:

a) Presidencia: A persoa titular da dirección xeral responsable da asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde, ou persoa en quen delegue.

b) Vicepresidencia: A persoa titular da subdirección xeral responsable da prestación ortoprotésica do Servizo Galego de Saúde.

c) Vogais:

1º. A persoa titular do servizo responsable da coordinación e seguimento da prestación ortoprotésica.

2º. Un/unha representante da subdirección xeral con competencias en inspección dos servizos e establecementos da consellería competente en materia de sanidade.

3º. Dous facultativos/as especialistas en Medicina Física e Rehabilitación, designados/as pola Dirección Xeral responsable da asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

4º. Un/unha facultativo/a especialista en Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía, designado/a pola dirección xeral responsable da asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

5º. Un/unha facultativo/a especialista en Medicina Familiar e Comunitaria, designado/a pola dirección xeral responsable da asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

Os/as vogais facultativos/as especialistas poderán ser renovados/as pola presidencia da Comisión, cando así o considere.

3. Actuará como secretario/a, con voz e sen voto, un/unha funcionario/a designado/a pola Dirección Xeral responsable da asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

Cando a Comisión o estime oportuno, poderá convocar ás súas reunións ata un máximo de tres expertos/as e/ou un representante da asociación de pacientes que se considere necesaria a súa intervención, que actuarán con voz pero sen voto.

4. A Comisión reunirase como mínimo unha vez cada dous meses.

5. As funcións da Comisión Central para a Regulación e Seguimiento da Prestación Ortoprotésica serán as seguintes:

a) Efectuar as propostas de inclusións e exclusións do catálogo vixente.

b) Propoñer as modificacións normativas que procedan en cada momento.

c) Autorizar expresamente a prescripción e adquisición de calquera material ortoprotésico non incluído no catálogo que se aproba nesta orde, así como a dos produtos que, estando incluídos no catálogo, precisan autorización previa da Comisión Central.

d) Informar do carácter de recuperable doutros artigos, a efectos do previsto no artigo 8 da presente orde.

e) Emitir informes con respecto aos procedementos de contratación para adquisición de material ortoprotésico.

f) Facer a proposta de actualización das contías máximas finanziadas polo Servizo Galego de Saúde para cada un dos produtos incluídos no Catálogo Xeral de Material Ortoprotésico.

- g) Aprobar os protocolos que lles sexan remitidos polo Servizo Galego de Saúde para a prescripción dos produtos ortoprotésicos.
- h) Asesorar ás xerencias das áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde na resolución de dúbidas que se poidan presentar en relación coa prestación ortoprotésica, así como o que precise o/a representante da Comunidade Autónoma vogal no Comité Asesor para a prestación ortoprotésica do Ministerio de Sanidade.
- i) Efectuar o seguimento do sistema de información que permita realizar o control da prestación ortoprotésica no ámbito da Comunidade Autónoma.
- j) Calquera outra que lle sexa encomendada pola Xerencia do Servizo Galego de Saúde.

Artigo 11. Seguimento

As xerencias das áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde emitirán anualmente como mínimo, un informe de seguimento e avaliación da prestación ortoprotésica no seu ámbito de actuación, a fin de constatar o adecuado cumprimento das normas establecidas na presente orde, así como a evolución dos custos económicos.

Estes informes serán remitidos á Comisión Central para a Regulación e Seguimento da Prestación Ortoprotésica da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Dirección Xeral competente en materia de seguimento e control da prestación ortoprotésica.

Disposición adicional primeira. Aplicación desta orde

Facúltase ás áreas sanitarias e á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria a adoptar as medidas necesarias para a aplicación do disposto nesta orde.

Disposición adicional segunda. Actualización do Catálogo Xeral de Material Ortoprotésico

O Servizo Galego de Saúde actualizará periodicamente o Catálogo Xeral de Material Ortoprotésico, recollendo as modificacións que se determinen polo que respecta ás inclusións e exclusións e contías máximas finanziadas polo Servizo Galego de Saúde, así como calquera outra modificación que proceda, por proposta da Comisión Central para a Regulación e Seguimento da Prestación Ortoprotésica. Dita actualización será publicada na páxina web do Servizo Galego de Saúde, sen necesidade de publicación no Diario Oicial de Galicia.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa

Queda derogada a Orde do 28 de maio de 2013 pola que se regula a prestación ortoprotésica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición final única. Entrada en vigor

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, ** de **** de 20**

Julio Garcia Comesaña

Concelleiro de Sanidade



ANEXO I

Catálogo xeral de material ortoprotésico

Grupo: 12 22 Cadeiras de rodas de propulsión manual (non se consideran incluídas as cadeiras de rodas manuais con rodas grandes dianteiras manobradas polos dous brazos, as cadeiras de rodas propulsadas con pé, nin as cadeiras de rodas con motor, salvo as incluídas no grupo 12 23)

Subgrupo: 12 22 00 Cadeiras de rodas manuais para persoas con patoloxías ou discapacidades que lles impidan a marcha funcional de forma permanente.

Código categoría	Tipo de producto	Elaboración	Descripción	IMF s/iva	Duración mínima (meses)
SRM 000 Cadeira de rodas manual non autopropulsable non plegable (rígida)	SRM 000A	BAS	Cadeira de rodas manual non autopropulsable non plegable (rígida), con repousabrazos desmontables e/ou abatibles e repousapés abatibles e regulables	234,68	48
	SRM 000B	BAS	Cadeiras de rodas de propulsión manual (non se consideran incluídas as cadeiras de rodas manuais con rodas grandes dianteiras manobradas polos dous brazos, as cadeiras de rodas propulsadas co pé, nin as cadeiras de rodas con motor, salvo as incluídas no 12 23).	499,88	48
SRM 010 Cadeira de rodas manual non autopropulsable plegable	SRM 010A	BAS	Cadeira de rodas manual non autopropulsable plegable, con repousabrazos desmontables e/ou abatibles e repousapés abatibles e regulables	234,68	36
	SRM 010B	BAS	Cadeira de rodas manual non autopropulsable plegable, con repousabrazos desmontables e/ou abatibles e repousapés abatibles e regulables, con respaldo reclinable	325,59	36
	SRM 010C	BAS	Cadeira de rodas manual non autopropulsable plegable, con repousabrazos desmontables e/ou abatibles e repousapés abatibles e regulables, para usuarios de más de 130 kg	499,88	36
SRM 020 Cadeira de rodas manual non autopropulsable plegable ou rígida infantil	SRM 020A	BAS	Cadeira de rodas manual non autopropulsable plegable, infantil, para alteracións funcionais, tipo paraugas	468,34	24
	SRM 020B	ADAP2	Cadeira de rodas manual non autopropulsable, desmontable, de plegado en libro, basculante, infantil axustable ao crecemento do neno	1.471,76	24
	SRM 020C	ADAP2	Cadeira de rodas non manual non autopropulsable, plegable ou rígida, basculante, infantil, para alteracións neurolóxicas graves	1.951,63	24
SRM 030 Cadeira de rodas manual autopropulsable non plegable (rígida)	SRM 030A	BAS	Cadeira de rodas manual autopropulsable non plegable (rígida), con repousabrazos desmontables e/ou abatibles e repousapés abatibles e regulables	234,68	36
	SRM 030B	BAS	Cadeira de rodas manual autopropulsable non plegable (rígida), con repousabrazos desmontables e/ou abatibles e repousapés abatibles e regulables, para usuarios de más de 130 kg	499,88	36
	SRM 030C	ADAP1	Cadeira de rodas manual autopropulsable non plegable (rígida), de verticalización, con sistema de suxección en xenillo, para usuarios activos con lesión medular conxénita ou adquirida e antecedentes de úlcera por decúbito recidivante mala o tratamiento cirúrxico (especial prescripción)	2.870,50	36
	SRM 030D	ADAP1	Cadeira de rodas manual autopropulsable non plegable (rígida), con repousabrazos desmontables e/ou abatibles e/ou protectores de roupa, repousapés fixos ou abatibles e regulables, con rodas de desmontaxe rápida, de material lixeiro para usuarios activos, con patoloxía medular de calquera etioloxía ou enfermidades neuromusculares (especial prescripción)	1.818,95	36
SRM 040 Cadeira de rodas manual autopropulsable plegable	SRM 040A	BAS	Cadeira de rodas manual autopropulsable e plegable, con repousabrazos desmontables e/ou abatibles e repousapés abatibles e regulables	234,68	36
	SRM 040B	BAS	Cadeira de rodas manual autopropulsable e plegable, con repousabrazos desmontables e/ou abatibles e repousapés abatibles e regulables, con respaldo reclinable	435,32	36
	SRM 040C	BAS	Cadeira de rodas manual autopropulsable e plegable, con repousabrazos desmontables e/ou abatibles e repousapés abatibles e regulables, para usuarios de más de 130 kg	499,88	24
	SRM 040D	ADAP1	Cadeira de rodas manual autopropulsable e plegable, con repousabrazos desmontables e/ou abatibles e repousapés abatibles e regulables, con rodas de desmontaxe rápida, de material lixeiro, infantil	375,66	36
	SRM 040E	ADAP1	Cadeira de rodas manual autopropulsable e plegable, con repousabrazos desmontables e/ou abatibles e repousapés abatibles e regulables, con rodas de desmontaxe rápida, de material lixeiro, infantil	818,18	36
	SRM 040F	ADAP1	Cadeira de rodas manual autopropulsable e plegable, con repousabrazos desmontables e/ou abatibles, repousapés abatibles e regulables, con rodas de desmontaxe rápida, de material lixeiro para usuarios activos, con patoloxía medular de calquera etioloxía ou enfermidades neuromusculares (especial prescripción).	1.818,95	36



SRM 050 Chasis e cadeira basculante para alteracións neurolóxicas graves	SRM 050A	ADAP3	Chasis posicionador basculante, incluíndo rodas e freos, susceptible de adaptacións especiais, para alteracións neurolóxicas graves (especial prescripción)	1.458,25	36
	SRM 050B	ADAP3	Chasis posicionador basculante, de material lixeiro, incluíndo rodas e freos, susceptible de adaptacións especiais, para alteracións neurolóxicas graves (especial prescripción)	1.760,00	36
	SRM 050C	ADAP2	Cadeira basculante, con asento e respaldo reclinable, repousacabezas, repousabrazos extraíbles, repousapés elevables, e control postural de tronco, para alteracións neurolóxicas graves (especial prescripción)	2.340,72	36
	SRM 0501	ADAP2	Cadeira de rodas posicionadora, estrutura de alta resistencia e basculación manual, asento e respaldo para facilitar as transferencias frontais, asento anatómico e respaldo reclinable, adaptables ás características antropométricas do usuario, repousapés regulables, repousapernas escamoteables e regulables en altura. Cinto de seguridade de catro puntos, correas para pés, repousacabezas anatómico, toco abdutor e placas laterais de tronco.	1.458,25	36

Grupo: 12 23 Cadeiras de rodas motorizadas.

Subgrupo: 12 23 06 Cadeiras de rodas de propulsión eléctrica e dirección eléctrica para persoas con limitacións funcionais graves do aparato locomotor por enfermidade, malformación ou accidente.

Estas cadeiras serán prescritas a aquelas persoas que cumpran con todos e cada un dos seguintes requisitos: a) Incapacidade permanente para a marcha independente. b) Incapacidade funcional permanente para a propulsión de cadeiras de rodas manuais coas extremidades superiores. c) Suficiente capacidade visual, mental e de control que lles permita o manexo de cadeiras de rodas eléctricas e iso non supóna un risco engadido para a súa integridade e a doutras persoas.

Código categoría	Tipo de producto	Elaboración	Descripción	IMF s/iva	Duración mínima (meses)
SRE 000 Cadeira de rodas eléctrica	SRE 000A	ADAP2	Cadeira de rodas eléctrica estándar	3.200,00	48
	SRE 000B	ADAP2	Cadeira de rodas, infantil	3.650,00	48
	SRE 000C	ADAP2	Cadeira de rodas eléctrica, para usuarios de máis de 130 kg	4.296,11	60
	SRE 000D	ADAP2	Cadeira de rodas eléctrica, con basculación manual	3.750,00	60
	SRE 000E	ADAP2	Cadeira de rodas eléctrica, con basculación manual, infantil	4.200,00	60
	SRE 000F	ADAP2	Cadeira de rodas eléctrica, con basculación electrónica	4.050,00	60
	SRE 000G	ADAP2	Cadeira de rodas eléctrica, con basculación electrónica, infantil	4.500,00	60

Grupo: 12 24 Accesorios para cadeira de rodas para persoas con patoloxías ou discapacidades que lles impidan a marcha funcional de forma permanente

Subgrupo: 12 24 15 Mesas ou bandexas portátiles

Código categoría	Tipo de producto	Elaboración	Descripción	IMF s/iva	Duración mínima (meses)
SAB 000 Bandexa desmontable especial	SAB 000A	COMP1	Bandexa desmontable especial	106,63	36

Subgrupo: 12 24 21 Pneumáticos e rodas

Código categoría	Tipo de producto	Elaboración	Descripción	IMF s/iva	Duración mínima (meses)
SAR 000 Pneumáticos e rodas	SAR 000A	COMP0	Roda dianteira mediana ou pequena (maciza ou pneumática)	40,00	18
	SAR 000B	COMP0	Roda traseira grande ou mediana (maciza ou pneumática)	50,00	18

Subgrupo: 12 24 24 Baterías.

Código categoría	Tipo de producto	Elaboración	Descripción	IMF s/iva	Duración mínima (meses)
SAT 000 Batería para cadeira de rodas eléctrica	SAT 000A	COMP0	Batería para cadeira de rodas eléctrica (par) de menos de 50A	378,23	12
	SAT 000B	COMP0	Batería para cadeira de rodas eléctrica (par) de 50A	418,23	12
	SAT 000C	COMP0	Batería para cadeira de rodas eléctrica (par) de 60 A	514,89	12
	SAT 000D	COMP0	Batería para cadeira de rodas eléctrica (par) de 70 A	607,49	12



Subgrupo: 12 24 89 Outros accesos para cadeira de rodas

Código categoría	Tipo de producto	Elaboración	Descripción	IMF s/iva	Duración mínima (meses)
SRA 000. Apoio postural para a cadeira de rodas, incluídos toco sen correas	SRA 000A	COMP2	Apoios laterais para a cabeza (par)	141,87	24
	SRA 000B	COMP1	Apoios laterais para o tronco fixos (par)	115,50	24
	SRA 000C	COMP2	Apoios laterais para o tronco abatibles (par)	150,91	24
	SRA 000D	COMP1	Cuña niveladora de pelve (unidad)	53,94	24
	SRA 000E	COMP1	Toco abdutor (unidad)	64,48	24
	SRA 000F	COMP1	Cincha para a cabeza	58,06	24
	SRA 000G	COMP2	Chaleco de fixación	92,65	24
	SRA 000H	COMP1	Arnés de ombreiros	81,82	24
	SRA 000I	COMP1	Cinto de 4 puntos	80,06	24
	SRA 000J	COMP1	Cinto ou arnés pélvico	113,72	24
	SRA 000K	COMP1	Cinchas para pés (par)	48,87	24
	SRA 000L	COMP1	Soporte de fluido (unidad)	56,36	24
SRA 010. Repousacabezas	SRA 010A	COMP1	Repousacabezas fixo	77,28	24
	SRA 010B	COMP1	Repousacabezas con apoio occipital ou total, fixo ou orientable	170,13	24
	SRA 010C	COMP3	Repousacabezas con apoio occipital ou total, orientable con brazo dunha articulación axustable en altura e profundidade	450,00	24
	SRA 010D	COMP3	Repousacabezas con apoio occipital ou total, orientable con brazo acobadado de dúas articulacións axustable en altura e profundidade	555,15	24
SRA 020. Sistema para autopropulsión cun só brazo.	SRA 020A	COMP0	Sistema de dobre aro para autopropulsión cun só brazo	348,82	36
	SRA 020B	COMP0	Panca	392,05	36
SRA 030. Outros accesos	SRA 030A	COMP3	Mando especial de queixelo para cadeira de rodas eléctrica	1.411,43	48
	SRA 030B	COMP3	Outro mando especial para cadeira de rodas eléctrica, de acordo cos protocolos dos responsables de prestación ortoprotésica (especial prescripción)	SP	48
	SRA 030C	COMP0	Sistema dobre amputado	59,86	36
	SRA 030D	COMP0	Dispositivo especial para respirador	147,27	36
	SRA 030E	COMP0	Dispositivo para bombona de oxíxeno	76,16	36
	SRA 030F	COMP1	Sobebeirados para cadeira de rodas eléctrica	197,13	48
	SRA 030G	COMP1	Roda antienvorcadura para cadeira de rodas manual	45,11	36
	SRA 030H	COMP0	Prolongador de freo	18,18	36
	SRA 030I	COMP0	Base ríxida para cadeira de rodas	46,81	36
	SRA 030J	COMP0	Caixa de control para cadeira de rodas eléctrica	500,00	48

Subgrupo: 12 24 90 Recambios e compoñentes para cadeiras de rodas

Código categoría	Tipo de producto	Elaboración	Descripción	IMF s/iva	Duración mínima (meses)
SRC 000 Repousabrazos especial	SRC 000A	COMP1	Repousabrazos de cazoleta	98,75	36
	SRC 000B	COMP1	Repousabrazos envolvente con soporte palmar	137,95	36
	SRC 000C	COMP0	Repousabrazos regulable en altura	117,62	36
SRC 010 Repousapés especial	SRC 010A	COMP1	Repousapés único	93,64	36
	SRC 010B	COMP2	Repousapés con cazoleta (par)	175,45	36
	SRC 010C	COMP1	Repousapés con elevación manual para cadeira de rodas manual ou eléctrica (par)	285,38	36
	SRC 010D	COMP1	Repousapés con elevación eléctrica para cadeira de rodas eléctricas (par)	767,05	36
SRC 020 Asento-respaldo postural modular con carcasa, a medida	SRC 020A	MED	Asento-respaldo postural con carcasa, a medida previo molde	2.272,73	24
	SRC 020B	MED	Asento postural con carcasa, a medida previo molde	1.174,22	24
	SRC 020C	MED	Respaldo postural con carcasa, a medida previo molde	1.200,00	24
SRC 030 Asento-respaldo postural modular	SRC 030A	COMP1	Plataforma ríxida axustable para asento postural modular	216,82	36
	SRC 030B	COMP3	Asento postural modular	685,45	24
	SRC 030C	COMP3	Respaldo postural modular	770,00	24



Grupo: 06 03 Órteses de columna vertebral (non se consideran incluídas as faixas preventivas, e considéranse como preventivas aquelas situacions nas que non está diagnosticada unha patoloxía de base como as que se indican para cada categoría)

Subgrupo: 06 03 06 Órteses lumbosacras (acheva do usuario: 30 euros)

Código categoría	Tipo de producto	Elaboración	Descripción	IMF s/iva	Duración mínima (meses)
OTL 000 Órtese lumbosacra semirrígida	OTL 000A	BAS	Órtese lumbosacra semirrígida elástica con flexes posteriores	62,07	24
	OTL 000B	BAS	Órtese lumbosacra semirrígida en tecido non elástico	80,18	24
	OTL 000C	ADAP1	Órtese lumbosacra semirrígida en tecido elástico ou non elástico para abdome péndulo	90,00	24
	OTL 000D	ADAP1	Órtese lumbosacra semirrígida para eventración e/ou ostomía	90,00	24
	OTL 000E	MED	Órtese lumbosacra semirrígida, a medida, para usuarios con características especiais que non permiten adaptar as prefabricadas	264,50	24
OTL 010 Órtese lumbosacra rígida	OTL 010A	ADAP2	Órtese lumbosacra rígida, prefabricada	252,10	24
	OTL 010B	MED	Órtese lumbosacra rígida en termoplástico, a medida	489,54	24
	OTL 010C	ADAP1	Órtese lumbosacra Knight	169,36	24
	OTL 010D	ADAP1	Órtese lumbosacra con armazón rígida posterior tecido elástico	198,27	24

Subgrupo: 06 03 09 Órteses toraco-lumbosacras (dorsolumbares) (acheva do usuario: 30 euros)

Código categoría	Tipo de producto	Elaboración	Descripción	IMF s/iva	Duración mínima (meses)
OTD 000 Órtese toracolumbar semirrígida	OTD 000A	ADAP1	Órtese toracolumbar semirrígida	95,00	24
	OTD 000B	ADAP1	Órtese toracolumbar semirrígida para abdomen péndulo	95,00	24
	OTD 000C	MED	Órtese toracolumbar semirrígida, a medida, para usuarios con características especiais que non permiten adaptar as prefabricadas	220,16	24
OTD 010 Órtese para pectus carinatum (tórax en quilla) ou excavatum	OTD 010A	MED	Xustillo ortopédico para pectus carinatum (tórax en quilla) ou pectus excavatum, a medida	588,77	12
	OTD 010B	ADAP2	Órtese para pectus carinatum (tórax en quilla), prefabricada	450,00	12
OTD 020 Órtese toracolumbar rígida	OTD 020A	ADAP2	Órtese toracolumbar rígida monovalva para inmovilización en termoplástico, prefabricada	250,00	24
	OTD 020B	ADAP2	Órtese toracolumbar rígida bivalva con apoio esternal para inmovilización en termoplástico, prefabricada	407,39	24
	OTD 020C	MED	Órtese toracolumbar rígida para inmovilización en termoplástico, a medida	625,97	24
	OTD 020D	ADAP1	Órtese toracolumbar Taylor, prefabricada	194,72	24
	OTD 020E	ADAP1	Órtese toracolumbar con armazón rígida posterior e tecido elástico	310,00	24
OTD 030 Xustillo ortopédico rígido para cifolordose	OTD 030A	MED	Xustillo ortopédico rígido de corrección progresiva para cifolordose, a medida	898,91	12
	OTD 030B	MED	Xustillo ortopédico de corrección progresiva para cifolordose articulado, a medida	898,91	12
OTD 040 Xustillo ortopédico para escoliose, a medida	OTD 040A	MED	Xustillo ortopédico de Stagnara ou Lyones, a medida	888,78	12
	OTD 040B	MED	Xustillo ortopédico de Cheneau, con almofadas de presión, a medida	953,17	12
	OTD 040C	MED	Xustillo ortopédico de Michel, a medida	828,00	12
OTD 050 Xustillo ortopédico tipo Boston	OTD 050A	ADAP3	Xustillo ortopédico tipo Boston, en termoplástico con aperturas de expansión e almofadas de presión, con módulo prefabricado	800,00	12
	OTD 050B	ADAP3	Xustillo ortopédico tipo Boston, en termoplástico con aperturas de expansión e almofadas de presión, talla especial	813,48	12
	OTD 050C	ADAP2	Xustillo ortopédico tipo Boston brando	742,20	12
	OTD 050D	MED	Xustillo ortopédico tipo Boston, en termoplástico con aperturas de expansión e almofadas de presión, a medida	826,95	12
OTD 060 Órtese de uso nocturno	OTD 060A	MED	Órtese de inclinación lateral de uso nocturno, a medida	931,72	12
	OTD 060B	MED	Xustillo ortopédico de termoplástico con sistema de presión en 3 puntos e zonas de expansión de uso nocturno (tipo Providence ou similar), a medida	953,70	12
OTD 070 Órtese de Kallabis	OTD 070A	ADAP2	Órtese de Kallabis de tres puntos	171,81	12
OTD 080 Órtese de hiperextensión	OTD 080A	ADAP2	Órtese de hiperextensión de Jewett	196,70	24
OTD 090 Leito postural	OTD 080B	ADAP2	Órtese de hiperextensión cruciforme	204,88	12
	OTD 080C	ADAP2	Órtese de hiperextensión basculante	213,06	12
	OTD 090A	ADAP1	Leito postural Denis Browne para escoliose do lactante	402,39	12
OTD 090 Leito postural	OTD 090B	MED	Leito postural en termoplástico, a medida previo molde	545,87	12



Subgrupo: 06 03 12 Órteses cervicais (achecha do usuario: 30 euros)

Código categoría	Tipo de producto	Elaboración	Descripción	IMF s/iva	Duración mínima (meses)
OTC 000 Órtese cervical semirríxida	OTC 000A	ADAP1	Soporte cervical semirríxido en termoplástico brando con reforzo, bivalvo, con apoio do queixelo	39,27	24
OTC 010 Órtese cervical ríxida	OTC 010A	ADAP1	Órtese cervical ríxida en termoplástico, con apoio occipital e do queixelo regulable ou non	162,98	24

Subgrupo: 06 03 15 Órteses cervicotorácicas (achecha do usuario: 30 euros)

Código categoría	Tipo de producto	Elaboración	Descripción	IMF s/iva	Duración mínima (meses)
OTT 000 Órtese cervical tipo Somi	OTT 000A	ADAP2	Soporte cervical tipo Somi	262,82	24
OTT 010 Minerva longa	OTT 010A	MED	Minerva longa, a medida previo molde	538,75	24
	OTT 010B	ADAP2	Minerva longa, prefabricada	373,24	24
OTT 020 Chaleco para halo	OTT 020A	ADAP3	Chaleco para halo	248,95	24

Subgrupo: 06 03 18 Órteses cervicotorácico-lumbosacras (achecha do usuario: 30 euros)

Código categoría	Tipo de producto	Elaboración	Descripción	IMF s/iva	Duración mínima (meses)
OTS 000 Xustillo ortopédico de Milwaukee	OTS 000A	MED	Xustillo ortopédico de Milwaukee con cesta pélvica en coiro e placas correctoras, a medida	1.082,70	12
	OTS 000B	MED	Xustillo ortopédico de Milwaukee con cesta pélvica en termoplástico e placas correctoras, a medida	748,02	12
OTS 900 Supraestrutura	OTS 900A	ADAP3	Supraestrutura de xustillo ortopédico de Milwaukee adaptada a outro tipo de xustillo ortopédico	309,11	12
OTS 910 Cambio de cesta pélvica	OTS 910A	MED	Cesta pélvica en coiro para xustillo ortopédico de Milwaukee, a medida	773,59	12
	OTS 910B	MED	Cesta pélvica en termoplástico para xustillo ortopédico de Milwaukee, a medida	438,91	12

Subgrupo: 06 03 21 Órtese cranial

Código categoría	Tipo de producto	Elaboración	Descripción	IMF s/iva	Duración mínima (meses)
